

MATRÍCULA PRESENCIAL DIRECTA

DÍA 6 DE OUTUBRO

ÁS 09:00: PREINSCRITOS NON ADMITIDOS

Todo o **alumnado preinscrito que non foi admitido está convocado o día 6 de outubro ás 09:00** no salón de actos para que escolla unha das prazas vacantes. Só hai preinscritos non admitidos en:

Francés A1-A2 Grupo 1

Galego C2- Grupo 2

Inglés B1- Grupo 7; C1.1 grupos 5 e 6

ÁS 09:30: PÚBLICO EN XERAL

As prazas libres que queden pasarán a disposición das persoas interesadas e serán adxudicadas por orde de chegada.

As persoas que obteñan unha praza nestas adxudicacións teñen **PRAZO ATA O 8 DE OUTUBRO ÁS 12:00 HORAS** para pagar as taxas correspondentes e formalizar a súa matrícula na secretaría do centro. O alumnado deberá ter preparada toda a documentación necesaria. Para as seccións de A Ponte-IES Blanco Amor, Celanova e Ribadavia, a formalización das matrículas farase na secretaría da EOI de Ourense. Nas seccións da escola no Barco, O Carballiño e Verín, a formalización da matrícula realizarase a través das secretarías das propias seccións.

As persoas que non formalicen a matrícula no prazo establecido perderán a súa reserva de praza.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR:

- ▶ Tarxeta de matrícula debidamente cuberta.
- ▶ Resgardo do aboamento dos prezos públicos. [Vexa aquí como pagar](#)

O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais:

- ▶ Fotocopia do DNI, ou NIE no caso dos estranxeiros (non é válido o pasaporte)
- ▶ Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2021 certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2020-2021, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do [Anexo IV](#).
- ▶ No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#).
- ▶ O alumnado que acceda por titulación deberá presentar a documentación que o acredite. [Vexa aquí os accesos directos](#).

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- ▶ A posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número total de inscritos que o xustifique.
- ▶ As probas parciais e finais poderán realizarse en día e hora diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso no que se matricula.
- ▶ Na convocatoria extraordinaria poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.
- ▶ O alumnado con anulación de matrícula por falta de pagamento no curso 2020-2021 deberá aboar previamente as cantidades adebedadas para poder formalizar a nova matrícula.

TAXAS ALUMNADO OFICIAL

NOVO ALUMNADO

(Nunca matriculado en ningunha EOI de Galicia)

	FAMILIA ORDINARIA	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA XERAL REDUCCIÓN DO 50%	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA ESPECIAL DISCAPACIDADE ≥ 33% VÍTIMAS DE TERRORISMO VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	FUNCIONARIADO DE CORPOS DOCENTES EN MATERIAS DE NOVA MATRICULACIÓN
1 IDIOMA	127 €	63,5 €	GRATUÍTA	35 €
2 IDIOMAS	219 €	109,5 €		
3 IDIOMAS	311 €	155,5 €		
4 IDIOMAS	403 €	201,5 €		
5 IDIOMAS	495 €	247,5 €		
6 IDIOMAS	587 €	293,5 €		
7 IDIOMAS	679 €	339,5 €		

ANTIGO ALUMNADO

(Xa estivo matriculado nalgunha EOI de Galicia)

	FAMILIA ORDINARIA	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA XERAL REDUCCIÓN DO 50%	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA ESPECIAL DISCAPACIDADE ≥ 33% VÍTIMAS DE TERRORISMO VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	FUNCIONARIADO DE CORPOS DOCENTES EN MATERIAS DE NOVA MATRICULACIÓN
1 IDIOMA	105 €	52,5 €	GRATUÍTA	13 €
2 IDIOMAS	197 €	98,5 €		
3 IDIOMAS	289 €	144,5 €		
4 IDIOMAS	381 €	190,5 €		
5 IDIOMAS	473 €	236,5 €		
6 IDIOMAS	565 €	282,5 €		
7 IDIOMAS	657 €	328,5 €		

CÓDIGOS DE TRAMITACIÓN DAS TAXAS:

CONSELLERÍA: 07
DELEGACIÓN: 30
SERVIZO: 03
TAXA: 350800